

A Chave

Os nomes galegos
dos corais e
medusas,
ourizos, miñocas e
estrelas do mar...

2017



Citación recomendada / Recommended citation:

A Chave (2017): Nomes galegos dos corais e medusas, ourizos, miñocas e estrelas do mar recomendados pola Chave.

http://www.achave.gal/wp-content/uploads/achave_osnomesgalegosdos_corais_medusas_ourizos.pdf

Fotografía: Silverio Cerradelo.

Notas introdutorias

O que contén este documento

Neste documento fornécense **denominacións para diversas especies da fauna invertebrada mariña: corais, gorgonias, ourizos do mar, miñocas do mar, estrelas do mar etc., galegas (e) ou europeas, e tamén para algunhas das especies exóticas máis coñecidas** (xeralmente no ámbito divulgativo, por causa do seu interese científico ou industrial, ou por seren moi comúns noutras áreas xeográficas).

Non se inclúen os nomes de **moluscos e crustáceos** mariños, que son tratados en senllos documentos específicos para estes grupos faunísticos.

A estrutura

En primeiro lugar preséntase unha **clasificación taxonómica** que considera os filos, as clases, as ordes e as familias de diversos grupos de invertebrados mariños, onde se apunta, **de maneira xeral, os nomes das especies** que hai en cada familia.

A seguir vén **o corpo do documento**, onde se indica, **especie por especie, alén do nome científico, os nomes galegos e ingleses destes invertebrados mariños** (nalgún caso, tamén, o nome xenérico para un grupo deles).

Ao final inclúese unha listaxe de **referencias bibliográficas** que foron utilizadas para a elaboración do presente documento. Nalgunhas desas referencias recolléronse ou propuxéronse nomes galegos para os invertebrados mariños, quer xenéricos quer específicos. Outras referencias achegan nomes para estes invertebrados noutras linguas, que tamén foron tidos en conta. Alén diso, inclúense algunhas referencias básicas a respecto da metodoloxía e dos criterios terminolóxicos empregados.

Máis dun nome para unha especie

A lingua galega é rica no que atinxe aos nomes dos invertebrados mariños presentados neste documento. Por iso ás veces hai máis dun nome para unha especie (nalgún caso, até dez nomes, como **cagulo, xorrón, cagón, miñocón, miñoca brava, mangón, coca da area, escamol, bichoca e tripa**, por exemplo, para *Arenicola marina*). Todos os nomes achegados neste documento son correctos, pódese usar calquera deles.

Recoméndase, porén, o primeiro nome como preferente. O seguinte –ou seguintes– aparecen marcados coa abreviatura **sin.**, que indica que son **sinónimos** do primeiro nome, que sería o principal, de acordo cos criterios da Chave.

Tratamento terminolóxico

De modo moi resumido, traballouse nas seguintes liñas e cos seguintes criterios:

En primeiro lugar, aprofundouse no **acervo lingüístico galego**. A respecto destes invertebrados mariños, a lingua galega é abondo rica e dispomos dunha chea de nomes, tanto nomes específicos (que designan un único animal) como nomes xenéricos (que designan varios animais parecidos). Coas denominacións xenéricas galegas formáronse despois as denominacións para especies concretas dese grupo faunístico (**ourizo bravo vermello** ou **ourizo bravo imperial**, por exemplo, a partir do patrimonial **ourizo bravo**).

Procurouse tamén na **bibliografía especializada en zooloxía en lingua galega**, onde xa se ten empregado, por exemplo, o nome **cagón pequeno** para *Glossobalanus minutus*, ou na **bibliografía terminolóxica galega**, onde xa se teñen feito propostas como **estrelíña** para *Asterias gibbosa*, ou **comátula** para as especies da orde **Comatulídeos**. Estas denominacións recóllense no presente documento (como sinónimo do nome principal, no caso de *Glossobalanus minutus*, ou como nome xenérico para a formación doutros nomes específicos da familia, no caso de *Asterias gibbosa* e das especies da orde **Comatulídeos**).

Para algúns nomes recorreuse á **lusofonía**, seguíndomos o criterio recollido nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (RAG e ILG) do ano 2004: “Para o arriquecemento do léxico culto, nomeadamente no referido aos ámbitos científico e técnico, o portugués será considerado recurso fundamental, sempre que esta adopción non for contraria ás características estruturais do galego”. Deste xeito incorporáronse algunhas denominacións específicas, como por exemplo **barroeira** para *Sabellaria alveolata* (unha especie de miñoa do mar), **estrela do mar azul** para *Linckia laevigata* ou **ofiúro vermello** para *Ophioderma rubicundum*, algún deles xa usado en medios divulgativos en lingua galega.

Un outro recurso foi considerar os **nomes científicos, en latín**, de modo paralelo ás denominacións desas especies de invertebrados noutras linguas. Así, nomes como os das **comátulas** para as especies da orde Comatulídeos, ou o de **vilela** para a medusa *Verella vellera*, o primeiro deles xa proposto na bibliografía terminolóxica galega e o segundo tamén usado en portugués.

Desbotáronse **castelanismos**, como por exemplo, o nome **tabaqueira* para *Cidaris cidaris* (do castelán *tabaquera*), totalmente innecesario e mesmo indesexábel, desde o momento que o seu uso vai en detrimento da voz patrimonial galega **ourizo bravo**, ben caracterizadora desta especie e das da orde **Cidaróideos**. Ou por exemplo o nome **veleiro* para a medusa *Verella vellera* (do castelán *velero*), dándolle preferencia á denominación **velela** (tirada do latín, usada tamén en portugués) e **melfa** (recollida para esta especie en Rianxo).

Agradecemento

O equipo da Chave quere expresar o seu **agradecemento** a **todas as persoas** que a través da sección contacta do sitio web envían **comentarios, suxestións, puntualizacións...** a respecto dos recursos léxicos sobre a fauna e a flora. Todas as opinións son lidas con atención e interese. Aínda que non todas son tidas en conta, algunhas serven para puír ou enriquecer o xa publicado, e nalgún caso mesmo nos levan a unha nova edición do documento. Moitas grazas, e animamos a todos os usuarios/as a continuar con esa retroalimentación positiva e construtiva.

Filo: Poríferos (Porifera)

Clase: Demosponxas (Demospongiae) : esponxas

Orde: Dictiocerátidos (Dictyoceratida)

Familia: Esponxídeos (Spongiidae) : pan mouro

Orde: Verónxidos (Verongida)

Familia: Aplsínidos (Aplysinidae) : esponxa áurea

Orde: Hadroméridos (Hadromerida)

Familia: Tetídeos (Tethyidae) : laranxa do mar

Familia: Clionaídeos (Clionidae) : esponxas furadoras

Orde: Halicóndridos (Halichondrida)

Familia: Halicondrídeos (Halichondriidae) : miolo de pan, esponxa sanguínea

Filo: Anelídeos (Annelida)

Clase: Poliquetos (ou Poliquetas) (Polychaeta) : vermes poliquetos (ou vermes poliquetas)

Orde: **Canalipalpos (Canalipalpata) : miñocas do mar**

Familia: **Sabelarídeos (Sabellariidae) : barroeira**

Orde: **Espiónidos (Spionida) : miñocas do mar**

Familia: **Espionídeos (Spionidae) : miñoca das ostras**

Orde: **Anfinómidos (Amphinomida) : miñocas do mar**

Familia: **Anfinomídeos (Amphinomidae) : verme de fogo**

Orde: **Capitélidos (Capitellida) : miñocas do mar**

Familia: **Arenicolídeos (Arenicolidae) : cagulo (ou xorrón)**

Orde: **Terebélicos (Terebellida) : miñocas do mar**

Familia: **Terebelídeos (Terebellidae) : xorra**

Familia: **Alvinelídeos (Alvinellidae) : verme de Pompeia**

Orde: **Filodócidos (Phyllodocida) : miñocas do mar**

Familia: **Nereidídeos (Nereididae) : serradela, muxa**

Familia: **Filodocídeos (Phyllodocidae) : miñoca verde**

Filo: **Hemicordados** (Hemichordata)

Clase: **Enteropneustos** (Enteropneusta) : **vermes enteropneustos**

Orde: **Enteropneustos** (Enteropneusta) : **miñocas do mar**

Familia: **Picoderídeos** (Ptychoderidae) : **cagulo pequeno**

Filo: Equinodermos (Echinodermata)

Clase: **Crinoides** (ou **Crinóideos**) (Crinoidea) : **lirios do mar**

Orde: **Comatulídeos** (Comatulida) : **comátulas**

Familia: **Antedonídeos** (Antedonidae) : **comátula do Atlántico, comátula do Mediterráneo**

Clase: **Equinóideos** (Echinoidea) : **ourizos do mar, bolachas da praia**

Orde: **Clipeasteróideos** (Clypeasteroida) : **bolachas da praia** (ou **bolachas do mar**)

Familia: **Melitídeos** (Mellitidae) : **corrupios do mar**

Familia: **Equinaracnídeos** (Echinarachniidae) : **bolachas da praia**

Orde: **Cidaróideos** (Cidaroida)

Familia: **Cidarídeos** (Cidaridae) : **ourizos bravos**

Orde: **Equinoídeos** (Echinoida)

Familia: **Equinídeos** (Echinidae) : **ourizos do mar**

Orde: **Camarodontos** (Camarodonta)

Familia: **Toxopneustídeos** (Toxopneustidae) : **ourizos do mar**

Familia: **Parequinídeos** (Parechinidae) : **ourizos do mar**

Orde: **Espantogóideos** (Spatangoida) : **ourizos corazón** (ou **corazóns do mar**)

Familia: **Brisídeos** (Brissidae) : **ourizo lira**

Familia: **Lovenídeos** (Loveniidae) : **pataca do mar**

Familia: **Espatanxídeos** (Spatangidae) : **ourizo púrpura**

Clase: **Holoturóideos** (Holothuroidea) : **carallotes** (ou **carallos do mar**)

Orde: **Dendroquirotídeos** (Dendrochirotida)

Familia: **Cucumarídeos** (Cucumariidae) : **carallotes** (ou **carallos do mar**)

Orde: **Aspidoquirótidos** (Aspidochirotida)

Familia: **Esticopodídeos** (Stichopodidae) : **carallotes** (ou **carallos do mar**)

Clase: **Asteróideos (Asteroidea) : estrelas do mar**

Orde: **Forcipulátidos (Forcipulatida)**

Familia: **Asterídeos (Asteriidae) : gradicelas (ou estrelas do mar)**

Orde: **Valvátidos (Valvatida)**

Familia: **Asterínídeos (Asterinidae) : gradicelas (ou estrelas do mar)**

Familia: **Ofidiasterídeos (Ophidiasteridae) : gradicelas (ou estrelas do mar)**

Orde: **Espinulósidos (Spinulosida)**

Familia: **Equinasterínídeos (Echinasteridae) : estrelas do mar**

Orde: **Paxilósidos (Paxillosida)**

Familia: **Astropectionídeos (Astropectinidae) : estrelas do mar**

Familia: **Luidídeos (Luidiidae) : estrelas do mar**

Clase: **Ofiuroides ou Ofiuróideos (Ophiuroidea) : ofiúros**

Orde: **Ofiúridos (Ophiurida)**

Familia: **Ofiodermatídeos (Ophiodermatidae) : ofiúros**

Familia: **Ofiurídeos (Ophiuridae) : ofiúros**

Familia: **Ofiotricídeos (Ophiothricidae) : ofiúros**

Familia: **Ofiocomídeos (Ophiocomidae) : ofiúros**

Filo: Cnidarios (Cnidaria)

Clase: **Antozoarios** (ou **Antozoos**) (Anthozoa) : **antopólipos**

Subclase: **Octocoralios** (Octocorallia)

Orde: **Alcionáceos** (Alcyonacea) : **corais moles**

Familia: **Alcionídeos** (Alcyoniidae) : **coral coiro**

Familia: **Coralídeos** (Coralidae) : **coral vermello**

Familia: **Gorgonídeos** (Gorgoniidae) : **gorgonias**

Orde: **Helioporáceos** (Helioporacea) : **corais moles**

Familia: **Helioporídeos** (Helioporidae) : **coral azul**

Orde: **Penatuláceos** (Pennatulacea) : **corais moles**

Familia: **Veretílídeos** (Veretillidae) : **carallo de rei**

Subclase: **Hexacoralios** (Hexacorallia)

Orde: **Actiniarios** (Actiniaria) : **actinias, anémonas do mar** (ou **anemones do mar**)

Familia: **Actinídeos** (Actiniidae) : **apégons, anémonas, morango do mar**

Orde: **Escleractíneos** (Scleractinia) : **corais duros**

Familia: **Funxídeos** (Fungidae) : **coral cogumelo**

Orde: **Antipatarios** (Antipatharia) : **corais duros**

Familia: **Antipatídeos** (Antipathidae) : **coral negro**

Clase: **Hidrozoarios** (ou **Hidrozoos**) (Hydrozoa) : **hidropólipos, hidromedusas**

Orde: **Antoatecados** ou **Antomedusas** (Anthoathecata ou Anthomedusae)

Familia: **Porpitídeos** (Porpitidae) : **velela**

Familia: **Mileporídeos** (Milleporidae) : **falsos corais**

Orde: **Sifonóforos** (Siphonophora)

Familia: **Fisalídeos** (Physaliidae) : **carabela portuguesa**

Clase: **Cubozoarios** (ou **Cubozoos**) (Cubozoa) : **cubomedusas**

Orde: **Quirodrópidos** (Chirodropida)

Familia: **Quirodropsídeos** (Chirodropidae) : **vespa do mar**

Clase: **Escifozoarios** (ou **Escifozoos**) (Scyphozoa) : **medusas verdadeiras**

Orde: **Semeostomas** (Semaeostomeae)

Familia: **Pelaxídeos** (Pelagiidae) : **xureleira**

Familia: **Ulmarídeos** (Ulmaridae) : **medusa da lúa**

Orde: **Rizostomas** (Rhizostomeae)

Familia: **Rizostomatídeos** (Rhizostomatidae) : **augamar azul**

Filo: Cordados (Chordata)

Clase: **Ascidiáceos (Ascidiacea) : ascidias**

Orde: **Flebobranquios (Phlebobranchia)**

Familia: **Ascídeos (Ascidiidae) : ascidias**

Orde: **Estolidobranquios (Stolidobranchia)**

Familia: **Piurídeos (Pyuridae) : ascidias**

Filo: Poríferos (Porifera)

Clase: Demosponxas (Demospongiae) : esponxas

Orde: Dictiocerátidos (Dictyoceratida)		
Familia: Esponxídeos (Spongiidae) : pan mouro		
<i>Spongia officinalis</i>	pan mouro sin.: pan de lagosta	bath sponge

Orde: Verónxidos (Verongida)		
Familia: Aplsínidos (Aplysinidae) : esponxa áurea		
<i>Verongia aerophoba</i>	esponxa áurea	golden sponge

Orde: Hadroméridos (Hadromerida)		
Familia: Tetídeos (Tethyidae) : laranxa do mar		
<i>Tethya aurantium</i>	laranxa do mar	golf ball sponge orange puffball sponge
Familia: Clionaídeos (Clionidae) : esponxas furadoras		
<i>Cliona celata</i>	esponxa furadora amarela sin.: esponxa escavadora amarela	boring sponge

Orde: Halicóndridos (Halichondrida)		
Familia: Halicondrídeos (Halichondriidae) : miolo de pan, esponxa sanguínea		
<i>Halichondria panicea</i>	miolo de pan sin.: esponxa miolo de pan	breadcrumb sponge
<i>Hymeniacidon perlevis</i> (=Hymeniacidon sanguines)	esponxa sanguínea	

Filo: Anelídeos (Annelida)

Clase: Poliquetos (ou Poliquetas) (Polychaeta) : vermes poliquetos (ou vermes poliquetas)

Orde: Canalipalpos (Canalipalpa) : miñocas do mar		
Familia: Sabelarídeos (Sabellariidae) : barroeira		
<i>Sabellaria alveolata</i>	barroeira	honeycomb worm

Orde: Espiónidos (Spionida) : miñocas do mar		
Familia: Espionídeos (Spionidae) : miñoca das ostras		
<i>Polydora ciliata</i>	miñoca das ostras	bristleworm

Orde: Anfinómidos (Amphinomida) : miñocas do mar		
Familia: Anfinomídeos (Amphinomidae) : verme de fogo		
<i>Hermodice carunculata</i>	verme de fogo	bearded fireworm

Orde: Capitélidos (Capitellida) : miñocas do mar		
Familia: Arenicolídeos (Arenicolidae) : cagulo (ou xorrón)		
<i>Arenicola marina</i>	cagulo sin.: xorrón sin.: cagón sin.: miñocón sin.: miñoca brava sin.: mangón sin.: coca da area sin.: escamol sin.: bichoca sin.: tripa	lugworm sandworm

Orde: Terebélidos (Terebellida) : miñocas do mar		
Familia: Terebelídeos (Terebellidae) : xorra		
<i>Lanice conchilega</i>	xorra sin.: tripa	sand mason worm
Familia: Alvineídeos (Alvinellidae) : verme de Pompeia		
<i>Alvinella pompejana</i>	verme de Pompeia	Pompeii worm

Orde: Filodócidos (Phyllodocida) : miñocas do mar		
Familia: Nereidídeos (Nereididae) : serradela, muxa		
<i>Nereis diversicolor</i> (= <i>Hediste diversicolor</i>)	serradela var.: sarradela, serrada, senrada sin.: papona sin.: xorra do penedo sin.: xorra brava sin.: miñoca da pedra sin.: miñoca do mar	ragworm
<i>Perinereis cultrifera</i> (= <i>Perineis cultrifera</i>)	muxa	ragworm
Familia: Filodocídeos (Phyllodocidae) : miñoca verde		
<i>Eulalia viridis</i>	miñoca verde sin.: miñoca da rocha	green worm green leaf worm

Filo: Hemicordados (Hemichordata)

Clase: Enteropneustos (Enteropneusta) : vermes enteropneustos

Orde: Enteropneustos (Enteropneusta) : miñocas do mar		
Familia: Picoderídeos (Ptychoderidae) : cagulo pequeno		
<i>Glossobalanus minutus</i>	cagulo pequeno sin.: cagón pequeno	honeycomb worm

Filo: Equinodermos (Echinodermata)

Clase: Crinoídeos (ou Crinóideos) (Crinoidea) : lirios do mar

Orde: Comatulídeos (Comatulida) : comátulas		
Familia: Antedonídeos (Antedonidae) : comátula do Atlántico, comátula do Mediterráneo		
<i>Antedon bifida</i>	comátula do Atlántico	rosy feather star
<i>Antedon mediterranea</i>	comátula do Mediterráneo	Mediterranean feather star

Clase: Equinóideos (Echinoidea) : ourizos do mar, bolachas da praia

Orde: Clipeasteróideos (Clypeasteroidea) : bolachas da praia (ou bolachas do mar)		
Familia: Melitídeos (Mellitidae) : corrupios do mar		
<i>Mellita</i> spp.	corrupio do mar sin.: bolacha da praia	keyhole sand dollar
Familia: Equinaracnídeos (Echinarachniidae) : bolachas da praia		
<i>Echinarachnius</i> spp.	bolacha da praia	sand dollar

Orde: Cidaróideos (Cidaroida)		
Familia: Cidarídeos (Cidaridae) : ourizos bravos		
<i>Cidaris cidaris</i> (= <i>Cidaris papillata</i>) (= <i>Dorocidaris papillata</i>)	ourizo bravo (ou ourizo bravo común)	long-spine slate pen sea urchin
<i>Stylocidaris affinis</i>	ourizo bravo vermello	red lance urchin
<i>Phyllacanthus imperialis</i> (= <i>Cidaris imperialis</i>)	ourizo bravo imperial	imperial lance urchin imperial sea urchin land mine sea urchin

Orde: Equinoídeos (Echinoida)		
Familia: Equinídeos (Echinidae) : ourizos do mar		
<i>Gracilechinus acutus</i> (= <i>Echinus acutus</i>)	ourizo branco sin.: ourizo do limpo	white sea urchin
<i>Echinus esculentus</i>	ourizo comestíbel var.: ourizo comestible sin.: ourizo do mar comestíbel	edible sea urchin European edible sea urchin common sea urchin

Orde: Camarodontos (Camarodonta)		
Familia: Toxopneustídeos (Toxopneustidae) : ourizos do mar		
<i>Sphaerechinus granularis</i>	ourizo do mar violeta	purple sea urchin
Familia: Parequinídeos (Parechinidae) : ourizos do mar		
<i>Paracentrotus lividus</i>	ourizo do mar común sin.: ourizo da pedra	purple sea urchin rock sea urchin
<i>Loxechinus albus</i>	ourizo do mar chileno sin.: ourizo chileno	Chilean sea urchin

Orde: Espatangoídeos (Spatangoida) : ourizos corazón (ou corazóns do mar)		
Familia: Brisídeos (Brissidae) : ourizo lira		
<i>Brissopsis lyrifera</i>	ourizo lira sin.: ourizo corazón lira	lyre heart-urchin
Familia: Lovenídeos (Loveniidae) : pataca do mar		
<i>Echinocardium cordatum</i>	pataca do mar sin.: ourizo corazón pequeno	sea potato
Familia: Espatanxídeos (Spatangidae) : ourizo púrpura		
<i>Spatangus purpureus</i>	ourizo púrpura sin.: ourizo corazón púrpura	purple heart-urchin

Clase: **Holoturóideos** (Holothuroidea) : **carallotes** (ou **carallos do mar**)

Orde: Dendroquirotídeos (Dendrochirotida)		
Familia: Cucumarídeos (Cucumariidae) : carallotes (ou carallos do mar)		
<i>Aslia lefevrei</i> (= <i>Cucumaria lefevrei</i>) (= <i>Cucumaria normani</i>) (= <i>Semperia lefevrei</i>)	carallote de Lefèvre sin.: carallo do mar de Lefèvre	brown sea-cucumber brown sea cucumber climbing sea cucumber
<i>Holothuria forskali</i>	carallote (ou carallote común) sin.: carallo do mar (ou carallo do mar común) sin.: pixote sin.: pixolo sin.: pixo sin.: pixa sin.: lesma	black sea-cucumber black sea cucumber cotton-spinner

Orde: Aspidoquirótidos (Aspidochirotida)		
Familia: Esticopodídeos (Stichopodidae) : carallotes (ou carallos do mar)		
<i>Stichopus regalis</i>	carallote real sin.: carallo do mar real	biliding sea cucumber royal sea cucumber royal cucumber
<i>Apostichopus japonicus</i>	carallote xaponés sin.: carallo do mar xaponés	Japanese spiky sea cucumber Japanese sea cucumber

Clase: **Asteróideos** (Asteroidea) : **estrelas do mar**

Orde: Forcipulátidos (Forcipulatida)		
Familia: Asterídeos (Asteroiidae) : gradicelas (ou estrelas do mar)		
<i>Asterias rubens</i>	gradicela da pedra sin.: tallanta sin.: rapaconas sin.: cercella sin.: pólbera macha sin.: nai do polbo sin.: estrela do mar común	common sea star common starfish
<i>Marthasterias glacialis</i>	gradicela de espiños sin.: gradicela verde sin.: estrela do mar de espiños, estrela do mar verde	spiny starfish

Orde: Valvátidos (Valvatida)		
Familia: Asterínídeos (Asterinidae) : gradicelas (ou estrelas do mar)		
<i>Asterina gibbosa</i>	estrelíña de altura sin.: gradicela de altura	starlet cushion star
<i>Patiria miniata</i> (= <i>Asterina miniata</i>)	estrelíña morcego sin.: gradicela morcego	bat star webbed star broad-disk star
Familia: Ofidiasterídeos (Ophidiasteridae) : gradicelas (ou estrelas do mar)		
<i>Linckia laevigata</i>	gradicela azul sin.: estrela do mar azul	blue sea star

Orde: Espinulósidos (Spinulosida)		
Familia: Equinasterínídeos (Echinasteridae) : estrelas do mar		
<i>Echinaster sepositus</i>	estrela do mar vermella sin.: estrela vermella sin.: estrela do mar roiba sin.: estrela roiba	red Mediterranean sea star red starfish

Orde: Paxilósidos (Paxillosida)		
Familia: Astropectionídeos (Astropectinidae) : estrelas do mar		
<i>Astropecten aranciacus</i>	estrela escavadora sin.: estrela do mar escavadora	red comb star ochre hackled starfish
<i>Astropecten irregularis</i>	estrela da area sin.: estrela do mar da area	sand sea star
Familia: Luidídeos (Luidiidae) : estrelas do mar		
<i>Luidia ciliaris</i> (= <i>Asterias ciliaris</i>)	estrela de sete puntas sin.: estrela do mar de sete puntas	seven-armed sea star
<i>Luidia senegalensis</i> (= <i>Asterias senegalensis</i>)	estrela de nove puntas sin.: estrela do mar de nove puntas	nine-armed sea star
<i>Luidia magnifica</i>	estrela magnífica sin.: estrela do mar magnífica	magnificent star
<i>Luidia australis</i> (= <i>Luidia maculata</i>)	estrela maculada sin.: estrela do mar maculada	southern sand star

Clase: **Ofiuroides** ou **Ofiuróideos** (Ophiuroidea) : **ofiúros**

Orde: Ofiurídeos (Ophiurida)		
Familia: Ofiodermatídeos (Ophiodermatidae) : ofiúros		
<i>Ophioderma longicauda</i> (= <i>Ophioderma longicaudum</i>)	ofiúro castaño sin.: ofiuroides castaño sin.: araña do mar sin.: bruxa	brown brittle star
<i>Ophioderma rubicundum</i>	ofiúro vermello	ruby brittle star
<i>Ophiarachna incrassata</i>	ofiúro verde	green brittle star
Familia: Ofiurídeos (Ophiuridae) : ofiúros		
<i>Ophiura ophiura</i>	ofiúro escamudo sin.: ofiuroides escamudo	serpent star
Familia: Ofiotricídeos (Ophiothricidae) : ofiúros		
<i>Ophiothrix fragilis</i>	ofiúro fráxil sin.: ofiuroides fráxil	common brittle star
<i>Ophiothrix angulata</i>	ofiúro peludo	hairy brittle star
Familia: Ofiocomídeos (Ophiocomidae) : ofiúros		
<i>Ophiocomina nigra</i>	ofiúro negro sin.: ofiuroides negro	black brittle star black serpent star

Filo: Cnidarios (Cnidaria)

Clase: **Antozoarios** (ou **Antozoos**) (**Anthozoa**) : **antopólipos**

Subclase: Octocoralios (Octocorallia)		
Orde: Alcionáceos (Alcyonacea) : corais moles		
Familia: Alcionídeos (Alcyoniidae) : coral coiro		
<i>Sarcophyton</i> spp.	coral coiro	leather coral
Familia: Coralídeos (Coraliidae) : coral vermello		
<i>Sarcophyton</i> spp.	coral vermello sin.: coral nobre	precious coral red coral
Familia: Gorgonídeos (Gorgoniidae) : gorgonias		
<i>Eunicella verrucosa</i>	carroucha do mar sin.: ramallo do mar sin.: ramo do mar sin.: flor do mar sin.: cirieira sin.: castizal sin.: sereal	broad sea fan pink sea fan warted gorgonian

Orde: Helioporáceos (Helioporacea) : corais moles		
Familia: Helioporídeos (Helioporidae) : coral azul		
<i>Heliopora coerulea</i>	coral azul	blue coral

Orde: Penatuláceos (Pennatulacea) : corais moles		
Familia: Veretilídeos (Veretillidae) : carallo de rei		
<i>Veretillum cynomorium</i>	carallo de rei sin.: picha sin.: pixote sin.: cenoira do mar	finger shaped sea pen

Subclase: Hexacoralios (Hexacorallia)		
Orde: Actiniarios (Actiniaria) : actinias, anémonas do mar (ou anemones do mar)		
Familia: Actinídeos (Actiniidae) : apegóns, anémonas, morango do mar		
<i>Actinia equina</i>	apegón común sin.: dormiñenta sin.: bruxa sin.: chupón sin.: teta mansa sin.: cona de vella sin.: perrecha sin.: mexón sin.: mexacán sin.: estruga do mar sin.: ortiga do mar	beadlet anemone
<i>Actinia striata</i>	apegón estriado	
<i>Actinia bermudensis</i>	apegón das Bermudas	red anemone maroon anemone stinging anemone
<i>Actinia fragacea</i>	morango do mar	strawberry anemone
<i>Anemonia viridis</i> (= <i>Anemonia sulcata</i>)	anémona común sin.: estruga do mar sin.: ortiga do mar	snakelocks anemone

Orde: Escleractíneos (Scleractinia) : corais duros		
Familia: Funxídeos (Fungidae) : coral cogumelo		
<i>Fungia scutaria</i>	coral cogumelo	mushroom coral

Orde: Antipatarios (Antipatharia) : corais duros		
Familia: Antipatídeos (Antipathidae) : coral negro		
<i>Antipathes dichotoma</i>	coral negro	black coral

Clase: **Hidrozoarios** (ou **Hydrozoos**) (Hydrozoa) : **hidropólipos, hidromedusas**

Orde: Antoatecados ou Antomedusas (Anthoathecata ou Anthomedusae)		
Familia: Porpitídeos (Porpitidae) : velela		
<i>Verella vellella</i>	velela sin.: melfa	by the wind sailor
Familia: Mileporídeos (Milleporidae) : falsos corais		
<i>Millepora</i> spp.	coral de fogo	fire coral

Orde: Sifonóforos (Siphonophora)		
Familia: Fisalídeos (Physaliidae) : carabela portuguesa		
<i>Physalia physalis</i>	carabela portuguesa	Portuguese man of war blue bottle floating terror

Clase: **Cubozoarios** (ou **Cubozoos**) (Cubozoa) : **cubomedusas**

Orde: Quirodrópidos (Chirodropida)		
Familia: Quirodropídeos (Chirodropidae) : vespa do mar		
<i>Chironex fleckeri</i>	vespa do mar var.: avespa do mar	sea wasp

Clase: **Escifozoarios (ou Escifozoos) (Scyphozoa) : medusas verdadeiras**

Orde: Semeostomas (Semaestomeae)		
Familia: Pelaxídeos (Pelagiidae) : xureleira		
<i>Pelagia noctiluca</i>	xureleira sin.: bolo de aguamar (ou bolo de augamar) sin.: unto sin.: meiga sin.: sombreiro sin.: augaviva var.: aguaviva sin.: medusa peláxica	mauve stinger
Familia: Ulmarídeos (Ulmaridae) : medusa da lúa		
<i>Aurelia aurita</i>	medusa da lúa sin.: lúa sin.: augamar común var.: aguamar común sin.: augaviva común var.: aguaviva común	common jellyfish
Orde: Rizostomas (Rhizostomeae)		
Familia: Rizostomatídeos (Rhizostomatidae) : augamar azul		
<i>Rhizostoma pulmo</i>	augamar azul var.: aguamar azul	barrel jellyfish dustbin-lid jellyfish frilly-mouthed jellyfish shift arms jellyfish

Filo: Cordados (Chordata)

Clase: Ascidiáceos (Ascidiacea) : ascidias

Orde: Flebobranquios (Phlebobranchia)		
Familia: Ascidiáceos (Ascidiidae) : ascidias		
<i>Ascidia mentula</i>	ascidia común	pink sea squirt

Orde: Estolidobranquios (Stolidobranchia)		
Familia: Piurídeos (Pyuridae) : ascidias		
<i>Microcosmus sulcatus</i>	ascidia violeta	grooved sea squirt
<i>Pyura chilensis</i>	ascidia chilena sin.: ascidia comestibel var.: ascidia comestible	edible sea squirt
<i>Pyura stolonifera</i>	ascidia surafricana	red bait

Referencias bibliográficas

Alonso Estravís, Isaac (2017): *Dicionário Eletrónico Estraviz*.

<http://www.estraviz.org/>

Cabré, M. Teresa (dir.) / Rosa Estopá (coord.) (2004): *Metodología del trabajo en neología: criterios, materiales y procesos*. Barcelona: Universitat Pompeu Fabra / IULA.

Carballeira Anllo, Xosé María *et al.* (2009): *Gran dicionario Xerais da lingua galega*, 2 vols. Vigo: Xerais.

Carré Alvarellos, Leandro (1979): *Diccionario galego-castelán. Vocabulario castelán-galego*. A Coruña: Moret.

Colomer, Rosa (dir.) / Xavier Fargas (coord.) (2005): *Manlleus i calcs lingüístics en terminologia*. Vic / Barcelona: Eumo Editorial / TERMCAT.

Colomer, Rosa (dir.) / Xavier Fargas (coord.) (2012): *Difusió i ús dels termes*. Vic / Barcelona: Eumo Editorial / TERMCAT.

Daviña Facal, Luís (1993): *Problemas do léxico científico. Algunhas propostas de solucións*. Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Daviña Facal, Luís (1999): *Lingua e ciencia*. Vigo: Xerais.

Daviña Facal, Luís (2000): *Diccionario das ciencias da natureza e da saúde*. Tomo I, A-B. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.

Daviña Facal, Luís (2000): *Diccionario das ciencias da natureza e da saúde*. Tomo II, C. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.

Daviña Facal, Luís (2000): "O problema da adaptación ó galego de cultismos científicos de orixe grega e latina", *Viceversa*, 6, 113-129.

Fernández Rei, Francisco (2002): *Do Ortegal ó Douro e de Fisterra ó Navia e ó Padornelo. Notas sobre léxico moderno da Gallaecia e do seu litoral*. En Álvarez, Rosario *et al.* (eds.): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega.

Franco Grande, Xosé Luís (1981): *Diccionario galego-castelán*. Vigo: Galaxia.

Freixedo Tabarés, Xosé María / Fe Álvarez Carracedo (1985): *Diccionario de usos castellano/gallego*. Madrid: Akal.

- García González, Constantino (1985): "Glosario das voces galegas de hoxe", *Verba*, anexo 27.
- Garrido, Carlos / Carles Riera (2011²): *Manual de galego científico*. Santiago de Compostela: Através Editora.
- Lahuerta Mouriño, Fernando / Francisco X. Vázquez Álvarez (2000): *Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos*. CRPIH: Santiago de Compostela.
- Noia Campos, María Camiño *et al.* (1997): *Diccionario de sinónimos da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Pena Romay, Xosé Antonio *et al.* (2004): *Gran diccionario Cumio da lingua galega*. Vigo: Do Cumio.
- Real Academia Galega (2017): *Diccionario da Real Academia Galega*.
<http://academia.gal/diccionario#inicio.do>
- Ríos Panisse, María do Carme (1977): "Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I Invertebrados y peces", *Verba*, anexo 7.
- Rodríguez González, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia.
- Rodríguez Río, Xusto A. (2003): *Metodoloxía do traballo terminográfico puntual en lingua galega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Rodríguez Vergara, Xavier (2014): *Léxico mariñeiro de Cedeira*. Cedeira: Edicións Embora / Concello de Cedeira.
- Santamarina Fernández, Antón L. (coord.) (2017): *Diccionario de dicionarios*.
<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>
- Sarmiento, Martín (1746-1755): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*. Salamanca: Universidad de Salamanca (edición de J. L. Pensado Tomé, 1973).
- TERMCAT (1990): *Formació de termes amb elements cultes*. Barcelona: Generalitat de Catalunya.
- Translation Bureau / Bureau de la traduction (2017): *Termium Plus*. Ottawa: Travaux publics et Services gouvernementaux / Public Works and Government Services.
<http://www.btb.termiumplus.gc.ca/>
- Viéitez Cortizo, Ernesto / José Miguel Rey Salgado (2004): *A natureza ameazada*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

A Chave

GALEGO, LINGUA DE CALIDADE

www.achave.gal